




PARLAMENTO
DE GALICIA



BOLETÍN OFICIAL DO PARLAMENTO DE GALICIA

XII lexislatura
Número 216
30 de xuño de 2025



CSV: BOPGDSPG-b1680X8s2-4
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



SUMARIO

1. Procedementos parlamentarios

1.1.2. Propostas de normas

1.1.2.2. Outras propostas de normas

1.1.2.2.2. Procedemento de reforma do Estatuto de autonomía

Debate en Pleno

I 20918 (12/REST-000001)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Proposición de lei orgánica de reforma da Lei orgánica 1/1981, do 6 de abril, do Estatuto de autonomía para Galicia, de implantación do sistema de concerto económico para garantir o financiamento das competencias e dos servizos públicos básicos de Galicia 93040

1.3. Procedementos de control e impulso

1.3.5. Mocións

1.3.5.4. Mocións tramitadas

Rexeitamento da iniciativa

I 27337 (12/MOC-000068)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Fernández González, Ariadna

Sobre a demanda de prazas en escolas infantís públicas de 0 a 3 anos e a regulación do acceso a elas (Moción consecuencia da Interpelación doc. núm. 24314, publicada no BOPG núm. 193f1, do 2 de maio de 2025, e debatida na sesión plenaria do 10 de xuño de 2025.) 93040

I 27402 (12/MOC-000069)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Presas Bergantiños, Noa Olalla

Sobre a evolución da violencia machista e a valoración dos últimos datos do Observatorio contra a Violencia Doméstica e de Xénero do Consello Xeral do Poder Xudicial (Moción consecuencia da Interpelación doc. núm. 25091, publicada no BOPG núm. 197f2, do 14 de maio de 2025 e debatida na sesión plenaria do 10 de xuño de 2025.) 93040

I 27403 (12/MOC-000070)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Rodríguez Dacosta, María del Carmen

Sobre as políticas de xestión forestal e de prevención e loita contra os incendios (Moción consecuencia da Interpelación doc. núm. 24261, publicada no BOPG núm. 193f1, do 2 de maio de 2025, e debatida na sesión plenaria do 10 de xuño de 2025.) 93041



1.3.6. Proposicións non de lei

1.3.6.1. Proposicións non de lei en Pleno

1.3.6.1.4. Proposicións tramitadas

Aprobación sen modificacións

26615 (12/PNP-002140)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

García Comesaña, Julio e trece deputados/as máis

Sobre as demandas que a Xunta de Galicia debe realizar ao Goberno de España en relación coa protección ambiental e posta en valor do río Miño no seu treito internacional

93041

Aprobación con modificacións

25541 (12/PNP-002033)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Espinosa Mangana, María Elena e Longueira Castro, Silvia

Sobre a demanda dirixida á Xunta de Galicia co fin de que elabore un novo plan de saúde mental

93042

Aprobación por unanimidade con modificacións

24126 (12/PNP-001909)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Pérez López, Noelia e oito deputados/as máis

Sobre a demanda dirixida á Xunta de Galicia co obxecto de que reclame a transferencia das competencias en materia de permisos de residencia e de traballo para migrantes

93042

Rexeitamento da iniciativa

26454 (12/PNP-002124)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Méndez López, Lara e dous deputados/as máis

Sobre a demanda ao Goberno galego da recuperación da Área Sanitaria da Mariña

93043

26783 (12/PNP-002153)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Taibo Corsanego, Iria e Tabarés Pérez-Piñeiro, Iago

Sobre a demanda dirixida ao Goberno galego co fin de que pida desculpas pola organización dunha recepción ao representante da embaixada de Israel tendo en conta a situación en Palestina

93043

26904 (12/PNP-002164)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Carreira Pazos, Iria e Fernández Davila, María Cristina

Sobre as actuacións que debe impulsar o Goberno galego co obxectivo de avanzar na igualdade de trato do colectivo LGTBI nos centros de ensino

93043



1.3.6.2. Proposicións non de lei en Comisión

1.3.6.2.4. Proposicións tramitadas

COMISIÓN 3ª, ECONOMÍA, FACENDA E ORZAMENTOS

Aprobación por unanimidade con modificacións

25482 (12/PNC-002354)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Pérez Fernández, Rosana e Rodil Fernández, Olalla

Sobre a demanda ao Goberno galego do comezo das obras da nova residencia de maiores de Ribeira

93044

Rexeitamento das iniciativas

3210 (12/PNC-000401)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Fernández Alfonso, Ramón Tomás e dous deputados/as máis

Sobre as actuacións que a Xunta de Galicia debe levar a cabo de se producir a fusión das entidades bancarias BBVA e Sabadell

93044

20207 (12/PNC-001881)

Grupo Parlamentario Mixto

Ojea Bouzo, Armando

Sobre as medidas que o Goberno galego debe tomar en materia orzamentaria co fin de atender as necesidades de investimento da cidade de Ourense

93044

24748 (12/PNC-002284)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Espinosa Mangana, María Elena e dous deputados/as máis

Sobre a demanda dirixida á Xunta de Galicia co fin de que realice os investimentos precisos para resolver os problemas de filtracións que sofren as instalacións do CEIP Celso Emilio Ferreiro, de Vigo

93045

COMISIÓN 4ª, EDUCACIÓN E CULTURA

Aprobación por unanimidade sen modificacións

26062 (12/PNC-002416)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Longueira Castro, Silvia e Abalde Alonso, Julio Ernesto

Sobre as actuacións que debe levar adiante a Xunta de Galicia co obxectivo de mellorar as infraestruturas dos tres centros públicos de ensino do concello de Betanzos

93045

26204 (12/PNC-002433)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

García Comesaña, Julio e oito deputados/as máis



Sobre as accións que debe impulsar a Xunta de Galicia para recuperar, preservar e poñer en valor a Fonte de Troncoso, símbolo da tradición termal de Mondariz-Balneario 93046

I 27152 (12/PNC-002550)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Fernández Rosende, Jesús María e nove deputados/as máis

Sobre a demanda ao Goberno galego da realización dunha homenaxe en lembranza de José Manuel Costas Capelo, figura vencellada ao sector náutico-pesqueiro e á mariña mercante de Galicia 93046

Rexeitamento da iniciativa

I 8354 (12/PNC-000868)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Abalde Alonso, Julio Ernesto e Longueira Castro, Silvia

Sobre a demanda dirixida ao Goberno galego respecto do cumprimento do límite máximo de alumnado por aula, así como respecto da dotación dos recursos humanos e os materiais precisos, especialmente no ámbito do alumnado con necesidades educativas especiais 93046

I 26566 (12/PNC-002492)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Fernández Davila, María Cristina e Queixas Zas, Mercedes

Sobre a demanda dirixida á Xunta de Galicia co obxecto de que asuma o seu compromiso co Concello de Mondariz-Balneario para rehabilitar a denominada "Fonte de Troncoso" 93047

I 27236 (12/PNC-002564)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Taibo Corsanego, Iria e Fernández Davila, María Cristina

Sobre as medidas que debe tomar o Goberno galego destinadas a promover a aprendizaxe da lingua portuguesa no ensino público galego 93047

COMISIÓN 5ª, SANIDADE, POLÍTICA SOCIAL E EMPREGO

Aprobación por unanimidade con modificacións

I 26048 (12/PNC-002413)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Castro Rey, Paloma e dous deputados/as máis

Sobre a demanda ao Goberno galego da construción no Porriño ou noutro concello de Pontevedra dunha vivenda para mulleres vítimas de violencia machista con trastornos psiquiátricos ou adictivos 93047

Rexeitamento das iniciativas

I 15572 (12/PNC-001513)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Fernández Fernández, Secundino e dous deputados/as máis



Sobre a demanda dirixida ao Goberno galego co obxecto de que cubra de forma urxente as prazas de facultativos especialistas que quedaron vacantes no Hospital Comarcal de Valdeorras 93048

I 17783 (12/PNC-001655)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Pérez Fernández, Rosana e Prado Cores, María Montserrat

Sobre a demanda á Xunta de Galicia dun reforzo no cadro de persoal facultativo do PAC do Centro de Saúde de Noia e da mellor dotación de ambulancias para esa zona 93048

I 26361 (12/PNC-002460)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Iglesias Rey, Patricia e dous deputados/as máis

Sobre as accións que debe pór en marcha o Goberno galego respecto da rehabilitación e mellora das infraestruturas do Centro de Saúde de Padrón 93048

COMISIÓN 7ª, AGRICULTURA, ALIMENTACIÓN, GANDARÍA E MONTES

Aprobación por unanimidade con modificacións

I 26271 (12/PNC-002447)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Viso Diéguez, Miguel Ángel e oito deputados/as máis

Sobre a demanda dirixida ao Goberno galego para que impulse medidas de consolidación da nosa comunidade como potencia produtora e comercializadora de organismos para a loita biolóxica 93048

Aprobación por unanimidade sen modificacións

I 26275 (12/PNC-002448)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Viso Diéguez, Miguel Ángel e trece deputados/as máis

Sobre as demandas que a Xunta de Galicia debe trasladar ao Goberno central co obxecto de que este desenvolva un marco fiscal máis equitativo e xusto para a actividade silvícola 93049

Rexeitamento das iniciativas

I 11576 (12/PNC-001101)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Méndez López, Lara e Rodríguez Dacosta, María del Carmen

Sobre a demanda á Xunta de Galicia dun informe sobre orzamentos, programas formativos e obxectivos dos centros de formación agraria dependentes da Consellería do Medio Rural 93050

I 22855 (12/PNC-002151)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Fernández Fernández, Secundino e tres deputados/as máis

Sobre as medidas que debe tomar a Xunta de Galicia para que poidan continuar os procedementos de concentración parcelaria 93050



I 24248 (12/PNC-002227)**Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia****Rodríguez Dacosta, María del Carmen e Méndez López, Lara**

Sobre a demanda ao Goberno galego da substitución do actual modelo de defensa contra os incendios forestais, baseado na constitución de brigadas municipais, por un servizo único de xestión autonómica

93050

I 25980 (12/PNC-002402)**Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego****Valcárcel Armesto, Montserrat e tres deputados/as máis**

Sobre as medidas que o Goberno galego debe adoptar para evitar a regresión dos piñeirais e manter a viabilidade dos serradoiros

93050

1.5. Procedementos relativos a outras institucións e órganos**1.5.4. De ámbito europeo****1.5.4.1. Unión Europea**

I Resolución da Presidencia, do 27 de xuño de 2025, pola que se admite a trámite o escrito das Cortes Xerais polo que se achega documentación relativa á Proposta de directiva do Parlamento Europeo e do Consello pola que se modifica a Directiva 1999/62/CE no que atinxe á prórroga do período durante o que os vehículos pesados de emisión cero poden beneficiarse dunha redución significativa das taxas por infraestrutura ou por utilización, ou dunha exención da obrigaición de pagar as devanditas taxas [COM (2025) 348]

- 12/UECS-000056 (28008) -

Consulta sobre o principio de subsidiariedade en relación coa Proposta de directiva do Parlamento Europeo e do Consello pola que se modifica a Directiva 1999/62/CE no que atinxe á prórroga do período durante o que os vehículos pesados de emisión cero poden beneficiarse dunha redución significativa das taxas por infraestrutura ou por utilización, ou dunha exención da obrigaición de pagar as devanditas taxas [COM (2025) 348]

93053

1.6. Procedementos de elección, designación e proposta de nomeamento**1.6.13. Director xeral da Corporación Corporación de SAG, SA**

Acordo do Pleno do Parlamento, do 24 de xuño de 2025, en relación coa proposta de elección de director ou directora xeral da Corporación de SAG, S A.

93052



1. Procedementos parlamentarios

1.1.2. Propostas de normas

1.1.2.2. Outras propostas de normas

1.1.2.2.2. Procedemento de reforma do Estatuto de autonomía

O Pleno do Parlamento, na sesión do 24 de xuño de 2025, adoptou os seguintes acordos:

Debate en Pleno

- 20918 (12/REST-000001)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Proposición de lei orgánica de reforma da Lei orgánica 1/1981, do 6 de abril, do Estatuto de autonomía para Galicia, de implantación do sistema de concerto económico para garantir o financiamento das competencias e dos servizos públicos básicos de Galicia

BOPG nº 169, do 07.03.2025

Sometida a votación, non se toma en consideración por 23 votos a favor, 48 en contra e unha abstención.

1.3. Procedementos de control e impulso

1.3.5. Mocións

1.3.5.4. Mocións tramitadas

Rexeitamento da iniciativa

- 27337 (12/MOC-000068)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Fernández González, Ariadna

Sobre a demanda de prazas en escolas infantís públicas de 0 a 3 anos e a regulación do acceso a elas (Moción consecuencia da Interpelación doc. núm. 24314, publicada no BOPG núm. 193f1, do 2 de maio de 2025, e debatida na sesión plenaria do 10 de xuño de 2025.)

BOPG nº 211f1, do 18.06.2025

Sométese a votación e resulta rexeitada por 33 votos a favor, 39 votos en contra e ningunha abstención.

- 27402 (12/MOC-000069)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Presas Bergantiños, Noa Olalla

Sobre a evolución da violencia machista e a valoración dos últimos datos do Observatorio contra a Violencia Doméstica e de Xénero do Consello Xeral do Poder Xudicial (Moción consecuencia da Interpelación doc. núm. 25091, publicada no BOPG núm. 197f2, do 14 de maio de 2025 e debatida na sesión plenaria do 10 de xuño de 2025.)

BOPG nº 211f1, do 18.06.2025



Sométese a votación por puntos co seguinte resultado:

Punto 1: rexeitado por 33 votos a favor, 39 votos en contra e ningunha abstención.

Punto restantes: rexeitados por 33 votos a favor, 39 votos en contra e ningunha abstención.

- 27403 (12/MOC-000070)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Rodríguez Dacosta, María del Carmen

Sobre as políticas de xestión forestal e de prevención e loita contra os incendios (Moción consecuencia da Interpelación doc. núm. 24261, publicada no BOPG núm. 193f1, do 2 de maio de 2025, e debatida na sesión plenaria do 10 de xuño de 2025.)

BOPG nº 211f1, do 18.06.2025

Sométese a votación e resulta rexeitada por 33 votos a favor, 39 votos en contra e ningunha abstención.

1.3.6. Proposicións non de lei

1.3.6.1. Proposicións non de lei en Pleno

1.3.6.1.4. Proposicións tramitadas

Aprobación sen modificacións

- 26615 (12/PNP-002140)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

García Comesaña, Julio e trece deputados/as máis

Sobre as demandas que a Xunta de Galicia debe realizar ao Goberno de España en relación coa protección ambiental e posta en valor do río Miño no seu treito internacional

BOPG nº 206f1, do 04.06.2025

Sométese a votación e resulta aprobada sen modificacións por 49 votos a favor, ningún voto en contra e 24 abstencións.

O texto aprobado é o seguinte:

«O Parlamento de Galicia insta a Xunta de Galicia a, no marco das súas competencias, dirixirse ao Goberno de España para:

1. Dar resposta desde o Ministerio para a Transición Ecolóxica á solicitude de reunión formulada polo alcaldes de todos os concellos afectados, para abordar diversas problemáticas no ámbito das súas competencias sobre o treito internacional do río Miño.
2. Analizar o cumprimento do caudal ecolóxico mínimo e o impacto das oscilacións de caudal brusco no treito internacional do río Miño e sobre a fauna piscícola fluvial.
3. Abordar, en colaboración co resto de administracións, incluídas as autoridades portuguesas, a prevención e control de especies exóticas e invasoras, tanto na lámina de auga como nas marxes do río, para preservar a biodiversidade autóctona.



4. Promover diante dos organismos competentes a recuperación da dragaxe controlada e ambientalmente sustentable do treito internacional do río Miño como ferramenta para garantir a navegabilidade e a seguranza.
5. Facilitar aos concellos e particulares o cumprimento das obrigas en materia de xestión da biomasa.
6. Instar a actualización do regulamento de navegación no río Miño, tendo en conta a evolución das actividades recreativas e deportivas e a diversidade de embarcacións.
7. Solicitar un reforzo da inspección e o control das embarcacións dedicadas ao transporte de pasaxeiros, exixindo o cumprimento das garantías de seguranza, legais e fiscais, e fomentando a cooperación coa administración portuguesa para garantir un servizo seguro, ordenado e regulamentado.
8. Reforzar a protección estrutural e patrimonial das pesqueiras existentes no río.»

Aprobación con modificacións

- 25541 (12/PNP-002033)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Espinosa Mangana, María Elena e Longueira Castro, Silvia

Sobre a demanda dirixida á Xunta de Galicia co fin de que elabore un novo plan de saúde mental BOPG nº 200f1, do 20.05.2025

Sométese a votación por puntos, co seguinte resultado:

Punto 1: aprobado, con modificacións respecto do texto orixinal, pola unanimidade dos 73 deputados e deputadas presentes.

Punto 2: rexeitado, por 33 votos a favor, 40 votos en contra e ningunha abstención.

O texto aprobado é o seguinte:

«O Parlamento galego insta a Xunta de Galicia a elaborar un novo plan estratéxico de saúde mental (PESM) que recolla as necesidades reais, baseado tamén nas experiencias obtidas, que sexa participativo co persoal especializado en saúde mental e que dea resposta ás necesidades de saúde mental dos galegos e as galegas.»

Aprobación por unanimidade con modificacións

- 24126 (12/PNP-001909)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Pérez López, Noelia e oito deputados/as máis

Sobre a demanda dirixida á Xunta de Galicia co obxecto de que reclame a transferencia das competencias en materia de permisos de residencia e de traballo para migrantes BOPG nº 192f1, do 30.04.2025

Sométese a votación e resulta aprobada, con modificacións respecto do texto orixinal, pola unanimidade dos 73 deputados e deputadas presentes.



O texto aprobado é o seguinte:

«O Parlamento de Galicia insta a Xunta de Galicia a iniciar os trámites para reclamar o traspaso das competencias executivas en materia das autorizacións iniciais de traballo das persoas migrantes, para poder habilitar un proceso que reduza os prazos para obter esta documentación.»

Rexeitamento da iniciativa

- 26454 (12/PNP-002124)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Méndez López, Lara e dous deputados/as máis

Sobre a demanda ao Goberno galego da recuperación da Área Sanitaria da Mariña

BOPG nº 206f1, do 04.06.2025

Sométese a votación e resulta rexeitada por 33 votos a favor, 40 en contra e ningunha abstención.

- 26783 (12/PNP-002153)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Taibo Corsanego, Iria e Tabarés Pérez-Piñeiro, Iago

Sobre a demanda dirixida ao Goberno galego co fin de que pida desculpas pola organización dunha recepción ao representante da embaixada de Israel tendo en conta a situación en Palestina

BOPG nº 208f1, do 11.06.2025

Sométese a votación e resulta rexeitada por 32 votos a favor, 40 en contra e unha abstención.

- 26904 (12/PNP-002164)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Carreira Pazos, Iria e Fernández Davila, María Cristina

Sobre as actuacións que debe impulsar o Goberno galego co obxectivo de avanzar na igualdade de trato do colectivo LGTBI nos centros de ensino

BOPG nº 208f1, do 11.06.2025

Sométese a votación e resulta rexeitada por 33 votos a favor, 40 en contra e ningunha abstención.

Santiago de Compostela, 26 de xuño de 2025

Miguel Ángel Santalices Vieira

Presidente

1.3.6.2. Proposicións non de lei en Comisión

1.3.6.2.4. Proposicións tramitadas

COMISIÓN 3ª, ECONOMÍA, FACENDA E ORZAMENTOS

A Comisión 3ª, Economía, Facenda e Orzamentos, na súa sesión do 26 de xuño de 2025, adoptou os seguintes acordos:



Aprobación por unanimidade con modificacións

- 25482 (12/PNC-002354)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Pérez Fernández, Rosana e Rodil Fernández, Olalla

Sobre a demanda ao Goberno galego do comezo das obras da nova residencia de maiores de Ribeira BOPG nº 200f1, do 20.05.2025

Sométese a votación e resulta aprobada con modificacións respecto do texto orixinal, pola unanimidade dos 17 deputados e deputadas presentes.

O texto aprobado é o seguinte:

«O Parlamento de Galicia insta a Xunta de Galicia a asumir como propio o acordo adoptado por unanimidade no Pleno municipal do Concello de Ribeira que tivo lugar con data 26 de maio de 2025 e que na súa literalidade indica:

“O Parlamento de Galicia insta o Goberno da Xunta a:

1. Comunicar pola canle regulamentaria oficial ao goberno municipal do Concello de Ribeira a nova dada aos medios de comunicación da desistencia da construción da residencia de maiores na parcela cedida polo Concello no lugar de Saíñas.
2. Designar de xeito inmediato os técnicos municipais de Urbanismo e responsables do goberno municipal do Concello de Ribeira para analizar os criterios técnicos e legais que impedirían a construción da residencia pública no lugar proxectado, dado que non houbo cambios normativos na lexislación vixente e, de ser o caso, axilizar ao máximo a localización dunha nova parcela para a construción da nova residencia pública de maiores de Ribeira.
3. Requirir aos servizos de urbanismo do Concello de Ribeira, de forma inmediata, un informe no que se detalle a situación legal en que se atopa actualmente o proxecto, a normativa aplicable a el e se é viable a construción segundo a normativa vixente.”»

Rexeitamento das iniciativas

- 3210 (12/PNC-000401)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Fernández Alfonso, Ramón Tomás e dous deputados/as máis

Sobre as actuacións que a Xunta de Galicia debe levar a cabo de se producir a fusión das entidades bancarias BBVA e Sabadell

BOPG nº 24f2, do 15.05.2024

Sométese a votación e resulta rexeitada por 5 votos a favor, 9 votos en contra e 3 abstencións.

- 20207 (12/PNC-001881)

Grupo Parlamentario Mixto

Ojea Bouzo, Armando



Sobre as medidas que o Goberno galego debe tomar en materia orzamentaria co fin de atender as necesidades de investimento da cidade de Ourense

BOPG nº 162f1, do 26.02.2025

Sométese a votación e resulta rexeitada por 6 votos a favor, 9 votos en contra e 2 abstencións.

- 24748 (12/PNC-002284)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Espinosa Mangana, María Elena e dous deputados/as máis

Sobre a demanda dirixida á Xunta de Galicia co fin de que realice os investimentos precisos para resolver os problemas de filtracións que sofren as instalacións do CEIP Celso Emilio Ferreiro, de Vigo

BOPG nº 195f1, do 07.05.2025

Sométese a votación e resulta rexeitada por 8 votos a favor, 9 votos en contra e 0 abstencións.

Santiago de Compostela, 26 de xuño de 2025

María Montserrat Prado Cores

Vicepresidenta 2ª

COMISIÓN 4ª, EDUCACIÓN E CULTURA

A Comisión 4ª, Educación e Cultura, na súa sesión do 27 de xuño de 2025, adoptou os seguintes acordos:

Aprobación por unanimidade sen modificacións

- 26062 (12/PNC-002416)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Longueira Castro, Silvia e Abalde Alonso, Julio Ernesto

Sobre as actuacións que debe levar adiante a Xunta de Galicia co obxectivo de mellorar as infraestruturas dos tres centros públicos de ensino do concello de Betanzos

BOPG nº 203f1, do 28.05.2025

Sométese a votación e resulta aprobada sen modificacións pola unanimidade dos 16 deputados e deputadas presentes.

O texto aprobado é o seguinte:

«O Parlamento galego insta a Xunta de Galicia a:

1. Dotar as contías económicas necesarias para dar cobertura ás necesidades existentes nos tres centros públicos educativos do municipio.

2. Promover unha planificación arranxada dos servizos de reforma integral dos centros educativos de Betanzos, así como dos polideportivos e salón de actos.»



- 26204 (12/PNC-002433)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

García Comesaña, Julio e oito deputados/as máis

Sobre as accións que debe impulsar a Xunta de Galicia para recuperar, preservar e poñer en valor a Fonte de Troncoso, símbolo da tradición termal de Mondariz-Balneario

BOPG nº 203f1, do 28.05.2025

Sométese a votación e resulta aprobada sen modificacións pola unanimidade dos 16 deputados e deputadas presentes.

O texto aprobado é o seguinte:

«O Parlamento de Galicia insta a Xunta de Galicia a:

1º. Dirixirse ao Concello de Mondariz-Balneario para que leve a cabo os trámites necesarios para solicitar formalmente a incoación do expediente para a declaración da Fonte de Troncoso como Ben de Interese Cultural (BIC).

2º. Prestar apoio técnico e institucional ao Concello de Mondariz-Balneario durante o proceso de tramitación da solicitude e na elaboración da documentación necesaria para a incoación do expediente.

3º. Promover, unha vez declarada a Fonte de Troncoso como Ben de Interese Cultural (BIC), a solicitude de fondos no marco do Programa do Ministerio de Vivenda denominado "2% cultural" (tamén recoñecido como Programa de Rehabilitación do Patrimonio Arquitectónico) co obxectivo de recuperar un ben patrimonial de gran valor para Galicia e reforzar a identidade cultural do Concello de Mondariz-Balneario.»

- 27152 (12/PNC-002550)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Fernández Rosende, Jesús María e nove deputados/as máis

Sobre a demanda ao Goberno galego da realización dunha homenaxe en lembranza de José Manuel Costas Capelo, figura vencellada ao sector náutico-pesqueiro e á mariña mercante de Galicia

BOPG nº 211f1, do 18.06.2025

Sométese a votación e resulta aprobada sen modificacións pola unanimidade dos 16 deputados e deputadas presentes.

O texto aprobado é o seguinte:

«O Parlamento de Galicia insta a Xunta de Galicia a realizar un acto de homenaxe en lembranza e recoñecemento de José Manuel Costas Capelo, no que se inclúa a elaboración dun busto ou placa conmemorativa, para salientar a súa importancia no sector náutico-pesqueiro e na mariña mercante de Galicia, así como na formación neste ámbito.»

Rexeitamento da iniciativa

- 8354 (12/PNC-000868)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Abalde Alonso, Julio Ernesto e Longueira Castro, Silvia



Sobre a demanda dirixida ao Goberno galego respecto do cumprimento do límite máximo de alumnado por aula, así como respecto da dotación dos recursos humanos e os materiais precisos, especialmente no ámbito do alumnado con necesidades educativas especiais
BOPG nº 68, do 21.08.2024

Sométese a votación e resulta rexeitada por 7 votos a favor, 9 votos en contra e 0 abstencións.

- 26566 (12/PNC-002492)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Fernández Davila, María Cristina e Queixas Zas, Mercedes

Sobre a demanda dirixida á Xunta de Galicia co obxecto de que asuma o seu compromiso co Concello de Mondariz-Balneario para rehabilitar a denominada "Fonte de Troncoso"

BOPG n.º 208f1, do 11.06.2025

Sométese a votación e resulta rexeitada por 7 votos a favor, 9 votos en contra e 0 abstencións.

- 27236 (12/PNC-002564)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Taibo Corsanego, Iria e Fernández Davila, María Cristina

Sobre as medidas que debe tomar o Goberno galego destinadas a promocionar a aprendizaxe da lingua portuguesa no ensino público galego

BOPG n.º 211f1, do 18.06.2025

Sométese a votación e resulta rexeitada por 7 votos a favor, 9 votos en contra e 0 abstencións.

Santiago de Compostela, 30 de xuño de 2025

María Montserrat Prado Cores

Vicepresidenta 2ª

COMISIÓN 5ª, SANIDADE, POLÍTICA SOCIAL E EMPREGO

A Comisión 5ª, Sanidade, Política Social e Emprego, na súa sesión do 26 de xuño de 2025, adoptou os seguintes acordos:

Aprobación por unanimidade con modificacións

- 26048 (12/PNC-002413)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Castro Rey, Paloma e dous deputados/as máis

Sobre a demanda ao Goberno galego da construción no Porriño ou noutro concello de Pontevedra dunha vivenda para mulleres vítimas de violencia machista con trastornos psiquiátricos ou adictivos

BOPG nº 203f1, do 28.05.2025

Sométese a votación e resulta aprobada con modificacións respecto do texto orixinal, pola unanimidade dos 16 deputados e deputadas presentes.



O texto aprobado é o seguinte:

«O Parlamento de Galicia insta a Xunta de Galicia a axilizar o procedemento para a construción dunha vivenda para mulleres vítimas de violencia machista con problemas de adiccións.»

Rexeitamento das iniciativas

- 15572 (12/PNC-001513)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Fernández Fernández, Secundino e dous deputados/as máis

Sobre a demanda dirixida ao Goberno galego co obxecto de que cubra de forma urxente as prazas de facultativos especialistas que quedaron vacantes no Hospital Comarcal de Valdeorras

BOPG nº 135, do 02.01.2025

Sométese a votación e resulta rexeitada por 7 votos a favor, 9 votos en contra e 0 abstencións.

- 17783 (12/PNC-001655)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Pérez Fernández, Rosana e Prado Cores, María Montserrat

Sobre a demanda á Xunta de Galicia dun reforzo no cadro de persoal facultativo do PAC do Centro de Saúde de Noia e da mellor dotación de ambulancias para esa zona

BOPG nº 147f2, do 29.01.2025

Sométese a votación e resulta rexeitada por 7 votos a favor, 9 votos en contra e 0 abstencións.

- 26361 (12/PNC-002460)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Iglesias Rey, Patricia e dous deputados/as máis

Sobre as accións que debe pór en marcha o Goberno galego respecto da rehabilitación e mellora das infraestruturas do Centro de Saúde de Padrón

BOPG nº 206f1, do 04.06.2025

Sométese a votación e resulta rexeitada por 7 votos a favor, 9 votos en contra e 0 abstencións.

Santiago de Compostela, 26 de xuño de 2025

María Montserrat Prado Cores

Vicepresidenta 2ª

COMISIÓN 7ª, AGRICULTURA, ALIMENTACIÓN, GANDARÍA E MONTES

A Comisión 7ª, Agricultura, Alimentación, Gandaría e Montes, na súa sesión do 27 de xuño de 2025, adoptou os seguintes acordos:

Aprobación por unanimidade con modificacións

- 26271 (12/PNC-002447)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Viso Diéguez, Miguel Ángel e oito deputados/as máis



Sobre a demanda dirixida ao Goberno galego para que impulse medidas de consolidación da nosa comunidade como potencia produtora e comercializadora de organismos para a loita biolóxica BOPG nº 203f1, do 28.05.2025

Sométese a votación e resulta aprobada con modificacións respecto do texto orixinal, pola unanimidade dos 17 deputados e deputadas presentes.

O texto aprobado é o seguinte:

«O Parlamento de Galicia insta a Xunta de Galicia a impulsar a nosa comunidade como referente na loita biolóxica contra o psílido africano dos cítricos en particular e, por extensión, como rexión produtora e comercializadora de axentes invertebrados de control biolóxico en xeral.

Así mesmo, o Parlamento insta a Xunta de Galicia a reforzar a capacidade pública de diagnóstico, seguimento e resposta fronte a pragas vexetais dotadas cos medios suficientes, introducindo unha liña de investigación CIAM-LAFIGA en fitopatoloxía, a actualización da cartografía de pragas de corentena e non corentena con maior impacto agrario en Galicia, así como a incorporación de criterios de coordinación con outras administracións e centros científicos públicos que xa contan con experiencia avanzada na produción de axentes de control biolóxico como o parasitoide tamarixia dryi, en liña coas actuacións promovidas pola Xunta no marco da proposición non de lei aprobada neste Parlamento en 2021.»

Aprobación por unanimidade sen modificacións

- 26275 (12/PNC-002448)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Viso Diéguez, Miguel Ángel e trece deputados/as máis

Sobre as demandas que a Xunta de Galicia debe trasladar ao Goberno central co obxecto de que este desenvolva un marco fiscal máis equitativo e xusto para a actividade silvícola

BOPG nº 203f1, do 28.05.2025

Sométese a votación e resulta aprobada sen modificacións pola unanimidade dos 17 deputados e deputadas presentes.

O texto aprobado é o seguinte:

«O Parlamento de Galicia insta a Xunta de Galicia a demandar do Goberno de España a adopción das seguintes medidas:

1º. Maior flexibilidade fiscal no IRPF e no imposto de sociedades que permita unha mellora da xestión forestal en España.

2º. O desenvolvemento dun plan sectorial contable para o sector forestal que permita acadar o resultado contable da actividade forestal ao real, de xeito que se tribute de forma máis xusta e de acordo coa capacidade de renda xerada, tal como establece a Constitución española.»



Rexeitamento das iniciativas

- 11576 (12/PNC-001101)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Méndez López, Lara e Rodríguez Dacosta, María del Carmen

Sobre a demanda á Xunta de Galicia dun informe sobre orzamentos, programas formativos e obxectivos dos centros de formación agraria dependentes da Consellería do Medio Rural

BOPG nº 91f2, do 25.09.2024

Sométese a votación e resulta rexeitada por 8 votos a favor, 9 votos en contra e 0 abstencións.

- 22855 (12/PNC-002151)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Fernández Fernández, Secundino e tres deputados/as máis

Sobre as medidas que debe tomar a Xunta de Galicia para que poidan continuar os procedementos de concentración parcelaria

BOPG nº 185f1, do 09.04.2025

Sométese a votación e resulta rexeitada por 8 votos a favor, 9 votos en contra e 0 abstencións.

- 24248 (12/PNC-002227)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Rodríguez Dacosta, María del Carmen e Méndez López, Lara

Sobre a demanda ao Goberno galego da substitución do actual modelo de defensa contra os incendios forestais, baseado na constitución de brigadas municipais, por un servizo único de xestión autonómica

BOPG nº 192f1, do 30.04.2025

Sométese a votación e resulta rexeitada por 8 votos a favor, 9 votos en contra e 0 abstencións.

- 25980 (12/PNC-002402)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Valcárcel Armesto, Montserrat e tres deputados/as máis

Sobre as medidas que o Goberno galego debe adoptar para evitar a regresión dos piñeirais e manter a viabilidade dos serradoiros

BOPG nº 203f1, do 28.05.2025

Sométese a votación e resulta rexeitada por 8 votos a favor, 9 votos en contra e 0 abstencións.

Santiago de Compostela, 27 de xuño de 2025

María Montserrat Prado Cores

Vicepresidenta 2ª



1.5. Procedementos relativos a outras institucións e órganos

1.5.4. De ámbito europeo

1.5.4.1. Unión Europea

Resolución da Presidencia, do 27 de xuño de 2025, pola que se admite a trámite o escrito das Cortes Xerais polo que se achega documentación relativa á Proposta de directiva do Parlamento Europeo e do Consello pola que se modifica a Directiva 1999/62/CE no que atinxe á prórroga do período durante o que os vehículos pesados de emisión cero poden beneficiarse dunha redución significativa das taxas por infraestrutura ou por utilización, ou dunha exención da obrigaón de pagar as devanditas taxas [COM (2025) 348]

-12/UECS-000056 (28008)

Consulta sobre o principio de subsidiariedade en relación coa Proposta de directiva do Parlamento Europeo e do Consello pola que se modifica a Directiva 1999/62/CE no que atinxe á prórroga do período durante o que os vehículos pesados de emisión cero poden beneficiarse dunha redución significativa das taxas por infraestrutura ou por utilización, ou dunha exención da obrigaón de pagar as devanditas taxas [COM (2025) 348]

No Rexistro Xeral do Parlamento de Galicia tivo entrada, co número 28008, escrito das Cortes Xerais polo que se achega documentación relativa a Proposta de directiva do Parlamento Europeo e do Consello pola que se modifica a Directiva 1999/62/CE no que atinxe á prórroga do período durante o que os vehículos pesados de emisión cero poden beneficiarse dunha redución significativa das taxas por infraestrutura ou por utilización, ou dunha exención da obrigaón de pagar as devanditas taxas [COM (2025) 348].

Conforme o establecido na norma segunda das Normas reguladoras do procedemento para o control do principio de subsidiariedade nos proxectos lexislativos da Unión Europea (nos BOPG núms. 276, do 16 de xullo de 2010 e 446, do 7 de abril de 2011), resolvo:

1º. Trasladarlles o referido escrito á Comisión 3ª, Economía, Facenda e Orzamentos, aos grupos parlamentarios e ordenar a súa publicación no *Boletín Oficial do Parlamento de Galicia*.

2º. Conforme o disposto na norma terceira das citadas normas, no prazo dos dez días naturais seguintes á remisión do proxecto de acto lexislativo, os grupos parlamentarios poderán presentar propostas de ditame motivado nas que deberán expoñer as razóns polas que consideran que o proxecto de acto lexislativo da Unión Europea resulta contrario, en todo ou en parte, ao principio de subsidiariedade.

As propostas de ditame motivado presentaranse ante a Mesa, que as cualificará e admitirá a trámite se reúnen os requisitos establecidos neste acordo.

A ausencia de propostas de ditame determinará a finalización do procedemento.

3º Dar conta desta resolución na próxima reunión da Mesa que teña lugar.

Santiago de Compostela, 27 de xuño de 2025

Miguel Ángel Santalices Vieira

Presidente



1.6. Procedementos de elección, designación e proposta de nomeamento

1.6.13. Director xeral da Corporación Corporación de SAG, SA

Acordo do Pleno do Parlamento, do 24 de xuño de 2025, en relación coa proposta de elección de director ou directora xeral da Corporación de SAG, S A.

O Pleno do Parlamento, na sesión do día 24 de xuño de 2025, adoptou o seguinte acordos:

- 24866 (12/DXCA-000001)

Sometida a votación, obtense o resultado de 39 votos a favor e 33 votos en branco, polo que non se acada a maioría cualificada de tres quintos prevista no artigo 34.2 da Lei 1/2025, do 14 de marzo, de servizos dos medios públicos de comunicación audiovisual de Galicia para a sociedade dixital.

Santiago de Compostela, 26 de xuño de 2025

Miguel Ángel Santalices Vieira

Presidente



Propuesta de DIRECTIVA DEL PARLAMENTO EUROPEO Y DEL CONSEJO por la que se modifica la Directiva 1999/62/CE en lo que respecta a la prórroga del período durante el que los vehículos pesados de emisión cero pueden beneficiarse de una reducción significativa de las tasas por infraestructura o por utilización, o de una exención de la obligación de pagar dichas tasas [COM (2025) 348]

En aplicación del artículo 6.1 de la Ley 8/1994, de 19 de mayo, la Secretaría de la Comisión Mixta para la Unión Europea remite a su Parlamento, por medio del presente correo electrónico, la iniciativa legislativa de la Unión Europea que se acompaña, a efectos de su conocimiento y para que, en su caso, remita a las Cortes Generales un dictamen motivado que exponga las razones por las que considera que la referida iniciativa de la Unión Europea no se ajusta al principio de subsidiariedad.

Aprovecho la ocasión para recordarle que, de conformidad con el artículo 6.2 de la mencionada Ley 24/2009, el dictamen motivado que, en su caso, apruebe su Institución debería ser recibido por las Cortes Generales en el plazo de cuatro semanas a partir de la remisión de la iniciativa legislativa europea.

Con el fin de agilizar la transmisión de los documentos en relación con este procedimiento de control del principio de subsidiariedad, le informamos de que se ha habilitado el siguiente correo electrónico de la Comisión Mixta para la Unión Europea: cmue@congreso.es

SECRETARÍA DE LA COMISIÓN MIXTA PARA LA UNIÓN EUROPEA





Asinado dixitalmente por:

REGISTRO ELECTRÓNICO na data 27/06/2025 13:17:33





Bruselas, 27.6.2025
COM(2025) 348 final

2025/0188 (COD)

Propuesta de

DIRECTIVA DEL PARLAMENTO EUROPEO Y DEL CONSEJO

por la que se modifica la Directiva 1999/62/CE en lo que respecta a la prórroga del período durante el que los vehículos pesados de emisión cero pueden beneficiarse de una reducción significativa de las tasas por infraestructura o por utilización, o de una exención de la obligación de pagar dichas tasas

(Texto pertinente a efectos del EEE)



EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

1. CONTEXTO DE LA PROPUESTA

• Razones y objetivos de la propuesta

La Brújula para la Competitividad¹ está guiando la política económica de la Comisión en el mandato actual. Se basa en la Declaración de Budapest² del Consejo Europeo y en la Declaración de Amberes³ de los representantes empresariales y sindicales europeos. La Brújula para la Competitividad define «una hoja de ruta conjunta para la descarbonización y la competitividad» como uno de los tres imperativos de transformación para impulsar la competitividad.

Este imperativo se desarrolla en el Pacto por una Industria Limpia⁴. Su objetivo es reforzar la competitividad de la UE al tiempo que se mantiene el rumbo hacia la neutralidad climática. La atención se centra en promover y crear las condiciones correctas para que las empresas logren este objetivo. También tiene por objeto aumentar la seguridad económica y energética de la UE mediante la reducción de su dependencia de los combustibles fósiles importados y ampliar la cuota de energía producida mediante generación descarbonizada dentro de la Unión.

